

ACTA Nº 3/2012

CONCELLO DE PARADELA

PROVINCIA DE LUGO

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO CORPORATIVO MUNICIPAL O DÍA TRINTA E UN DE MAIO DE DOUS MIL DOCE.

En Paradelá, a trinta e un de maio de 2012.

No Salón de Sesións da Casa Consistorial, sendo as trece horas e cinco minutos, réunese en primeira convocatoria a Corporación Municipal en Sesión Ordinaria, baixo a Presidencia do Alcalde, D. José Manuel Mato Díaz e coa asistencia dos Srs. Concelleiros.

- D^a SONSOLES LÓPEZ IZQUIERDO.
- D. GUILLERMO CASTRO GONZÁLEZ
- D. ELISEO LÓPEZ RODRÍGUEZ
- D^a M^a TERESA VEIGA RODRÍGUEZ
- D^a M^a MONTSERRAT MULET SAR
- D. SECUNDINO PÉREZ LÓPEZ
- D. MANUEL REGUEIRO LÓPEZ
- D. BENJAMÍN LÓPEZ MATO
- D^a ANA BELÉN LÓPEZ ÁLVAREZ
- D. SENÉN LÓPEZ GARCÍA

Asiste o Secretario-Interventor da Corporación, José López González, que da fe do acto.

A continuación procédese a coñecer dos asuntos incluídos na orde do día.

1º. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DE DATA 29 DE MARZO DE 2012.

Polo Sr. Alcalde, que preside a sesión, procédese a preguntar aos demais membros da Corporación se teñen algo que obxectar á acta, da sesión ordinaria celebrada polo Pleno o día 29 de marzo de 2012, da que as minutas foron distribuídas coa convocatoria, todo ao abeiro do disposto no art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Sometése a aprobación da acta, da sesión ordinaria celebrada polo Pleno o día 29 de marzo de 2012.

O resultado foi de aprobación pola unanimidade dos once Concelleiros, (nove do Grupo Municipal do Partido Popular e dous do Grupo Municipal Socialista), sendo este o número legal de membros.

2º. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIONS DE ALCALDÍA.

Neste punto da orde do día, procedeuse a dar conta das distintas Resolucións de Alcaldía emitidas dende o derradeiro Pleno, postas a disposición dos concelleiros, xunto coa restante documentación sometida a exame plenario.

3º. NOMEAMENTO, SE PROCEDE, DE DON DIEGO LÓPEZ RODRÍGUEZ COMO FILLO PREDILECTO DO CONCELLO DE PARADELA.

O Sr. Alcalde-Presidente procede á lectura da Proposta de Alcaldía, co seguinte tenor literal:

“Visto o expediente tramitado a efectos de conceder a Don Diego López Rodríguez o título de Fillo Predilecto do Concello de Paradela.

Visto os méritos persoais e profesionais, no eido deportivo, levando o nome de Paradela polo mundo adiante e estando na súa terra cando os seus compromisos llo permiten, cuxo recoñecemento é indiscutible, polo que os seus méritos son merecedores da concesión a Don Diego López Rodríguez da maior distinción deste Concello.

Considerando que é competencia de Pleno a concesión de honras desta natureza, ao abeiro do establecido no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e no Regulamento Especial de Honras e Distincións deste Concello aprobado polo Pleno da Corporación en data 27 de marzo de 1997, e que os extraordinarios méritos daquel quedaron demostrados inequivocamente no expediente instruído ao efecto.

Considerando cumpridos os requisitos procedimentais esixidos polo Capítulo Cuarto do citado Regulamento Especial de Honras e Distincións deste Concello.

Visto o informe de Secretaría, esta Alcaldía propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente en todas as súas partes e consecuentemente, nomear a Don Diego López Rodríguez Fillo Predilecto do Concello de Paradela.

SEGUNDO.- Autorizar expresamente ao Sr. Alcalde-Presidente para dispor de cantos trámites sexan necesarios para facer efectiva a concesión.

Paradela a 24 de maio de 2012. O Alcalde-Presidente. Asdo. : José Manuel Mato Díaz ».

A voceira do Grupo Municipal Socialista, Dona Sonsoles López, di que o seu grupo por suposto que está de acordo co manifestado anteriormente e que é un orgullo para Paradela.

O Sr. Alcalde mostra o agradecemento ao Grupo Municipal Socialista polo apoio.

Procédese a votación da proposta, que resulta aprobada pola unanimidade dos once Concellerios que asisten á sesión plenaria, sendo este o seu número legal de membros.

4º. DERROGACIÓN, SE PROCEDE, DA ORDENANZA NON FISCAL REGULADORA DE PLANTACIÓNS FORESTAIS DO CONCELLO DE PARADELA.

O Sr. Alcalde-Presidente procede á lectura da Proposta de Alcaldía, co seguinte tenor literal:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Vista a **Ordenanza non fiscal reguladora de plantacións forestais do Concello de Paradel**a, vixente no Concello de Paradel, que no seu artigo 2 establece ás distancias mínimas das plantacións.

Vista a **Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia**, que no seu artigo 25 recolle os usos prohibidos con carácter xeral e no artigo 26 a ordenación das repoblacións forestais, onde se recollen as distancias mínimas para as repoblacións.

Considerando que a Lei 3/2007, de 9 de abril, ten rango superior respecto da Ordenanza, xa que esta non pode ser contraria ao establecido pola Lei, ademáis de que se trata dunha lei posterior que polo tanto deixa sen efecto a anterior.

Por parte do Alcalde-Presidente, propónse ao Pleno da corporación:

PRIMEIRO- Derrogar a Ordenanza non fiscal reguladora de plantacións forestais do Concello de Paradel.

SEGUNDO.- Que o acordo se publique no Boletín Oficial da Provincia, así como no taboleiro de edictos, aos efectos oportunos.

Paradel, 16 de abril de 2012. O Alcalde-Presidente. Asdo.: José Manuel Mato Díaz”.

Non habendo debate algún, procédese a votación da proposta, que resulta aprobada pola unanimidade dos once Concellerios que asisten á sesión plenaria, sendo este o seu número legal de membros.

5º.-DESAFECTACIÓN E PERMUTA DE TRAZADO DUN TRAMO DO CAMIÑO “RAPOSEIRO” EN CASTRELO.

O Sr. Alcalde-Presidente procede á lectura da Proposta de Alcaldía, co seguinte tenor literal:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Vista a solicitude presentada por parte de Don Horacio José López López, en data 26 de abril de 2012, núm rexistro de entrada 447, para a desafectación e permuta para cambio de trazado de camiño en Castrelo acompañando informe pericial asinado polo enxeñeiro técnico agrícola (colexiado nº 380) D. José María Escudero Tomás.

Visto o informe emitido en data 21 de maio de 2011, polo arquitecto técnico municipal co seguinte tenor literal: “**MANUEL E. LÓPEZ VÁZQUEZ, arquitecto colegiado 1508,**

En relación con la solicitud de varios vecinos interesando la desafectación de un tramo del camino conocido como “Raposeiro” sito en Castrelo, de acuerdo con la identificación y características del informe técnico adjunto, se emite el siguiente

INFORME

DESCRIPCIÓN DEL ELEMENTO DE DOMINIO PÚBLICO. *El camino que se pretende desafectar es un tramo conocido como “Raposeiro” sito en Castrelo. Se ubica en SUELO RÚSTICO.*

PROCEDENCIA DE LA DESAFECTACIÓN. *La procedencia de la desafectación se justifica por los solicitantes en la sustitución funcional, al quedar reemplazado por un trazado más corto y de mayor sección. Se han comprobado ambas circunstancias, por lo que se informa en sentido favorable con las reservas de las posibles afecciones que pudieran evidenciarse en las alegaciones presentadas durante la exposición pública del expediente, si las hubiera.*

En PARADELA A 21 de mayo de 2012. El ARQUITECTO”

Visto o informe emitido pola Secretaría-Intervención en data 23 de maio de 2012.

Por iso, por parte da alcaldía en vista de todo o anterior, proponse:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a desafectación e permuta do tramo do Camiño de uso público cuxa modificación de trazado do camino coñecido como “Raposeiro” sito en Castrelo, para a súa cesión aos solicitantes mediante permuta polo novo trazado proposto, que pasaría a incorporarse ao dominio público.

O trazado actual e o novo trazado serán conforme aos planos presentados que obran no expediente.

TERCEIRO.- Someter o expediente así como o acordo a un periodo de información pública durante un mes para que os que teñan a condición de interesados no expediente podan formular as alegacións que estimen pertinentes. Información pública que se levará a cabo mediante a notificación aos veciños colindantes e a publicación dun anuncio no BOP, así coma no taboleiro de anuncios do Concello.

CUARTO.- Considerar aprobado definitivamente o acordo que ata ese momento tiña a consideración de provisional, se no prazo fixado non se formularan por quen tiveran a condición de interesados, ningunha alegación en relación co mesmo.

QUINTO.- Dar conta do presente acordo ao órgano competente da Comunidade autónoma en cumprimento do preceptuado no artigo 109 do Regulamento de Bens das Entidades Locais.

En Paradela, a 24 de maio de 2012. O Alcalde-Presidente Asdo.: José Manuel Mato Díaz”.

Non habendo debate algún, procédese a votación da proposta, que resulta aprobada pola unanimidade dos once Concellerios que asisten á sesión plenaria, sendo este o seu número legal de membros.

6º.- MODIFICACIÓN, SE PROCEDE, DOS ARTIGOS 1, 9, 14, 15, 26 E 29 DOS ESTATUTOS DO CONSORCIO DE TURISMO DE RIBEIRA SACRA LUCENSE.

En data 12 de abril de 2012, ten entrada no Rexistro do Concello (Rex. núm 382), comunicación do Consorcio de Turismo Ribeira Sacra, instando aos Concellos que forman parte do mesmo, a aprobar en Pleno, a modificación de diversos artigos dos

Estatutos deste Consorcio. O artigos obxecto de modificación son: art. 1º relativo á composición y denominación del Consorcio; art. 9º El Consejo Rector. Composición; art. 14º Personal al servicio del Consorcio; art. 15º Secretario/a interventor/a y Tesorero/a; art. 26º Contribuciones económicas ordinarias; art. 29º Previsión de gastos e ingresos; co contido que se recolle no documento adxunto.

Non habendo debate algún, procédese a votación da proposta, que resulta aprobada pola unanimidade dos once Concellerios que asisten á sesión plenaria, sendo este o seu número legal de membros.

7º. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR RELATIVA AO MANTEMENTO DO NIVEL DE INVESTIMENTO NO PLAN DE OBRAS E SERVICIOS.

Procédese neste punto da orde do día, a lectura da Moción presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular relativa ao mantemento do nivel de investimento no Plan de obras e servizos, co seguinte tenor literal:

O GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR no Concello de PARADELA a través da súa portavoz Montserrat Mulet Sar en base á lexislación vixente, presenta a seguinte

MOCIÓN RELATIVA AO MANTEMENTO DO NIVEL DE INVESTIMENTO NO PLAN DE OBRAS E SERVICIOS

que se basea nesta

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Goberno Central de Mariano Rajoy asumiu o poder co firme compromiso de reducir o déficit público en 2012 ata o 5,3% fronte ao 8,51% herdado dos socialistas que equivalía no 2011 a un buraco de 91.344 millóns de euros nas contas públicas e a unha débeda que alcanza os 734.961 millóns. Ante esta situación, os orzamentos deben caracterizarse polo seu realismo, a súa rigorosidade e a súa credibilidade.

Esta austeridade e necesidade de axustes á que se veu abocada o goberno central trala xestión dos socialistas, provoca que os novos presupostos inclúan que a partida íntegra do Plan de Obras e Servizos se destine a sufragar as débedas deste plan a entidades locais, pero non inclúa unha nova achega para a anualidade de 2012.

Porén isto non significa a falta de colaboración do Goberno central cos entes autonómicos e locais. Tanto é así que o financiamento local, incluídas as Deputacións, incrementouse en 1.130 millóns de euros entre 2011 e 2012, unha cantidade moi superior aos máis de 83 millóns que recollía a partida do POS no 2011. Este incremento débese a que o Goberno central aprazou as devolucións do sistema de financiamento de 2008 e 2009 de 60 a 120 meses. O Goberno non só duplicou o prazo de devolución senón que ademais incrementou a financiamento local e os instrumentos (IBI, créditos privilexiados no ICO, plan de Pago a Provedores) para que estas administración puideran financiarse.

En momentos de clara necesidade de axustes, a optimación dos recursos pasa pola coordinación e polo necesario entendemento entre administracións que evite as duplicidades na oferta de servizos e mostre cooperación. Dado isto e ante a necesidade

FOLLA Nº 6

de continuar cun plan que non só permite a mellora na calidade de vida dos lucenses senón que tamén permite xerar emprego, a actitude da Deputación provincial deberá ir encamiñada a asumir o compromiso, na medida das súas posibilidades, de evitar a redución orzamentaria deste plan.

A Deputación provincial conta coa dispoñibilidade orzamentaria suficiente para asumir ao igual que teñen previsto as restantes Deputacións galegas a partida que non achega o Goberno central.

Así por exemplo os orzamentos da Deputación provincial recollen partidas que permitirían cumprir co obxectivo de manter o investimento do POS, tal é o caso dos máis de 2.000.000 de euros do Plan de Cooperación con Entidades Asociativas, Agrupacións e Asociacións Veciñais, plan posto en marcha durante o goberno popular na Deputación e que o PSOE e o BNG cualificaba daquela de corrupto, caciquil e clientelar. Outro exemplo do que podería botar man a Deputación é a partida do Plan de Pequenas Obras de Infraestrutura, suprimida este ano dos orzamentos e que no 2011 ascendía a máis de 1.072.000 euros. Unha cantidade esta última, que segundo argumentaron en pleno, foi reorientada ao plan de fomento do emprego, postos de traballo que se lograrían coa inversión no plan do POS.

Ante o exposto e para evitar a redución na licitación de obras públicas, propónselle ao Pleno da Corporación local a adopción dos seguintes acordos

1.- Instar á Deputación provincial de Lugo a que reoriente unha porcentaxe da partida orzamentaria destinada ao Plan de Cooperación con Entidades Asociativas, Agrupacións e Asociacións de Veciños a manter o investimento do Plan de Obras e Servizos, evitando así a redución de obras públicas locais e conseguindo a maior eficiencia posible no emprego de recursos durante unha época caracterizada por unha difícil situación económica

O que se traslada ó Pleno da Corporación Municipal ós efectos indicados, en Lugo, a 9 de maio de 2012.

Asdo.: MONTSERRAT MULET SAR

AO SR. ALCALDE DO CONCELLO DE PARADELA”.

Toma a pabara a voceira do Grupo Municipal socialista, Dona Sonsoles López, iniciando a súa exposición dicindo que o déficit non é xa do 8,51 % senón do 8,9 % debido a débeda das Comunidades Autónomas. Di que é evidente que os 1.130 millóns de euros é unha cantidade moi superior aos máis de 83 millóns, pero estas cifras son irrealis xa que se debe a un aprazamento nas devolución nos son ingresos efectivos.

Manifesta que a Deputación aportará o que viña aportando, e que é o goberno central a que se lle debe reclamar a súa aportación ao POS como se viña facendo ata agora; de feito a FEGAMP gobernada maioritariamente polo Partido Popular aprobou unha Moción para esixir ao goberno central a súa aportación, sen embargo o Grupo Provincial do partido Popular votou en contra desta.

Manifesta ademais de que se di que o goberno non ten cartos para nada e logo para publicidade, carteis, o Gaiás, Bankia ou a Igrexa si os hai; pero non para sanidade, educación ou para o POS.

FOLLA Nº 7

De feito a Deputación cumpriu e moito con Paradela, ahí está o Polígono industrial e agora espera que a Xunta responda e outorgue a subvención para a construción da depuradora do polígono.

O Sr. Alcalde di que a súa relación co Presidente da Deputación é boa e que se ben o polígono se fixo con cinco anos de retraso, está agradecido. Agora ben a primeira reflexión é onde estamos e porque estamos nesta situación.

O Goberno Central en xuño ten que facer fronte 71 millóns de euros de amortización e 33 millóns de euros en intereses, porque se está a pagar o que se fixo pero está sen pagar coma as obras dos dous plans E. O PSOE foi quen quitou o teito de gasto, porque era máis progresista e que cada un gaste o que queira e no que queira; onde se fixo unha inversión sen fin que conlevou á débeda e polo tanto o déficit existente na actualidade; polo que o goberno central o que ten é que adaptarse a realidade conter o déficit e logo xa se verá o que se pode facer.

En canto ao tema do POS que se reduce igual que a eliminación das obras para pequenas infraestruturas porque non hai cartos, pero si para as Comunidades Veciñais onde se financia o 100 %, non existe a concorrència competitiva; cando o portavoz do Grupo Socialista na Deputación se fartaba a dicir que estas foran creadas polo PP como algo caciquil e clientelar. Elimínase o convenio de desbroce das vías provinciais para facelo por contratación, Supoño que os cartos van para o Km0 ou para o Plan de Conectividade.

Entrase tamén no debate no tema de Bankia, da Lei de Dependencia e outros temas, poñéndose en evidencia as posicións políticas de ambos grupos.

Dona Sonsoles López, toma a palabra dicindo que onde está a Xunta, que di que aforra e que hai que reducir en todas as materias, pero iso si que cumbran os demais. Manifesta que o Deputación farase cargo da súa aportación ao POS como se fixo sempre, pero son as outras administracións as que se deben facer cargo da súa parte e non esixirillo á Deputación.

O Sr. Alcalde di que o partido Socialista non pode dar ningunha lección vendo como deixou o país.

Procédese a votación da Moción, que resulta aprobada pola maioría absoluta, cos votos a favor dos nove membros do Grupo Municipal do Partido Popular, polos dous votos en contra dos membros do Grupo Municipal Socialista, sendo once o número legal de membros da Corporación.

8º. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOBRE O SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR.

Procédese neste punto da orde do día, a lectura da Moción presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular sobre o servizo municipal de axuda no fogar, co seguinte tenor literal:

O GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR no Concello de PARADELA a través da súa portavoz DÑA. MONTSERRAT MULET SAR en base á lexislación vixente, presenta a seguinte

MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR SOBRE O SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, aprobada polo Goberno bipartito da Xunta de Galicia en 2009 e o Decreto que a desenvolve, aprobado en 2012, establecen as competencias e procedementos para axilizar e optimizar o financiamento destes servizos prestados polas entidades locais.

A mellora prodúcese, fundamentalmente, a través de dúas vías: permítense anticipos das axudas para a prestación dos servizos sociais comunitarios básicos –que se destinan, principalmente, a gastos de persoal e servizo de axuda a domicilio básica-; e pásase a liquidar trimestralmente, e non anualmente como ata agora, os pagamentos pola prestación do servizo de axuda no fogar de titularidade municipal para persoas dependentes.

A normativa incide tamén nun punto esencial para a prestación dos servizos públicos en xeral, e dos servizos sociais en particular. Deste xeito, articula unha maior coordinación en todo o Sistema galego de servizos sociais. Unha rede na que interveñen as distintas administracións da comunidade (local, provincial e autonómica), sendo de competencia municipal os servizos comunitarios básicos e os comunitarios específicos que deben desenvolverse –baixo a planificación da Xunta de Galicia- de xeito coordinado entre diferentes administracións

Para conseguilo, determina de forma exacta as competencias dos concellos, das deputacións e da propia Xunta de Galicia. En concreto, establece tamén que, de acordo coa Lei de Administración Local e coa Lei de Servizos Sociais, as deputacións prestarán “asistencia económica, técnica e xurídica” aos concellos con menos de 20.000 habitantes na execución das súas competencias en materia de servizos sociais comunitarios básicos. A nova normativa favorece tamén que os concellos se unan para solicitar conxuntamente os distintos servizos, sendo posible superar nas ditas agrupacións os 20.000 habitantes.

O incremento na prestación dos servizos sociais comunitarios e específicos e o axuste orzamentario ó que se están a ver obrigadas todas as administracións fan necesaria a existencia de liñas de financiamento estables no tempo, coordinadas e planificadas, entre as distintas administracións competentes, nun ou noutro nivel, en materia de servizos sociais.

Por todo isto e en aras de mellorar o sistema de financiamento e de atención ós servizos sociais e garantir a achega dun servizo de calidade á cidadanía, é polo que somete á consideración das e dos concelleiros a seguinte:

Proposta de acordo

O Pleno da Corporación municipal acorda

PRIMEIRO.- Instar á Xunta de Galicia a que continúe financiando o servizo de axuda no fogar para persoas con dependencia e os traballadores de referencia na área social de tódolos concellos de Galicia, e a axilizar o financiamento destes dous

FOLLA Nº 9

apartados co fin de mellorar a capacidade económica das administracións locais. Así como, garantirá naqueles concellos que superen os 20.000 habitantes, ou aqueles que coordinando servizos e presentando a solicitude sumen máis de 20.000 habitantes, o financiamento do servizo de axuda no fogar básico

SEGUNDO.- Instar á Deputación de Lugo a que cumpra co establecido na Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia e na Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, prestando apoio técnico, económico e xurídico aos concellos para que desenvolvan as competencias que lle son propias en materia de servizos sociais comunitarios. Así mesmo, deberá manterse a necesaria colaboración e coordinación entre Xunta e Deputación, asegurando a Deputación de Lugo o financiamento do servizo de axuda no fogar básico e do persoal técnico dos equipos municipais de servizos sociais comunitarios básicos con perfís profesionais diferentes e complementarios ao do traballador social de referencia para as corporacións locais dos concellos de menos de 20.000 habitantes.

Asdo.: MONTSERRAT MULET SAR
AO SR. ALCALDE DO CONCELLO DE PARADELA”.

O Sr Alcalde di que a Moción segue a liña da anterior, se ben no Pleno da Deputación do pasado martes produciuse o acordo e o compromiso por parte do ente provincial de que se vai a a facer cargo.

A voceira do Grupo Municipal Socialista, Dona Sonsoles López, pide que se retire a Moción porque xa se sabe que a Deputación aprobou a aportación de crñédito para o finanzamento dos servizos sociais.

O sr. Alcalde di que a Moción no se retira porque o dez de maio cando se presentuo descoñecíase o acordo da deputación xa que non fora adoptado.

Procédese a votación da Moción, que resulta aprobada pola maioría absoluta, cos votos a favor dos nove membros do Grupo Municipal do Partido Popular, polos dous votos en contra dos membros do Grupo Municipal Socialista, sendo once o número legal de membros da Corporación.

9º. DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE SECRETARÍA-INTERVENCIÓN DO CUMPRIMENTO DA LEI DE MEDIDAS CONTRA A MOROSIDADE RELATIVO AO PRIMEIRO TRIMESTRE DE 2012.

Procédese neste punto da orde do día, a dar conta do informe emitido pola Secretaría-Intervención do cumprimento da lei de medidas contra a morosidade relativo ao primeiro trimestre de 2012, co seguinte tenor literal:

“ASUNTO: INFORME DE SECRETARÍA-INTERVENCIÓN PREVISTO NO ART. 5.4 DA LEI 15/2010, DE 5 DE XULLO, DE MODIFICACIÓN DA LEI 3/2004, DE 29 DE DECEMBRO, POLA QUE SE ESTABLECEN MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MORISIDADE NAS OPERACIÓNS COMERCIAIS.

A fiscalización exércese de conformidade co establecido no artigo 4 do Real Decreto 1174/1987, de 18 de setembro aos efectos do disposto no Real Decreto

Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL en adiante), emitíndose o seguinte informe na estricte orde económica, con relación ao **artigo 4 da Lei 15/2010, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, e as facturas impagadas con data de antigüidade superior a 40 días.**

CONSIDERACIÓNS PREVIAS EN CANTO AO ALCANCE DO INFORME.

De acordo coa Disposición Transitoria primeira da Lei 15/2010, de 5 de xullo de 2010 (BOE número 163, de 6 de xullo de 2010), que sinala que a lei será de aplicación a todos os contratos celebrados con posterioridade á súa entrada en vigor, así como o indicado na Disposición Final Única, segundo a cal a presente lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial do Estado, **o presente informe límitase ás facturas cuxa entrada no concello sexa de data igual ou posterior ao 1 de xaneiro de 2012 ata o 31 de marzo de 2012.**

LEXISLACIÓN BÁSICA DE APLICACIÓN

- Artigo 3 e 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo.
- Artigo 200, e Disposición Transitoria Oitava da Lei 30/2007, de 30 de outubro de Contratos do Sector Público.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS.

En canto á morosidade das administracións públicas, o artigo 4.3 da Lei 15/2010, dispón:

“Os Tesoureiros ou, no seu defecto, Interventores das Corporacións locais elaborarán trimestralmente un informe sobre o cumprimento dos prazos previstos nesta Lei para o pago das obrigas de cada Entidade Local, que incluírá necesariamente o número e contía global das obrigas pendentes nas que se estea incumprindo o prazo”.

No apartado 4.4 do referido artigo establécese:

Sen perxuízo da súa posible presentación e debate no Pleno da Corporación local, dito informe deberá remitirse, en todo caso, aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e, no seu respectivo ámbito territorial, aos das Comunidades Autónomas que, con arreglo aos seus respectivos Estatutos de Autonomía, teñan atribuída a tutela financeira das Entidades locais. Tales órganos poderán igualmente requirir a remisión dos citados informes.

Queda claro que do mencionado precepto derívase a *obriga da elaboración por parte da Tesouraría e/ou a Intervención do informe que poña de manifesto o cumprimento dos prazos previstos nesta Lei* para o pago das obrigas do Concello de Paradela, *que incluírá necesariamente o número e contía global das obrigas pendentes* nas que se estea a incumprir o prazo, así como a obriga de *remitir o mesmo aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e, no seu respectivo ámbito territorial,* aos das Comunidades Autónomas que, con arranxo aos seus respectivos Estatutos de Autonomía, teñan atribuída a tutela financeira das Entidades locais, *sen perxuízo da súa posible presentación e debate no Pleno do Concello.*

FOLLA Nº 11

Dende o 1 de xaneiro de 2012, o programa de contabilidade municipal foi adaptado por parte da empresa de mantemento do mesmo, coa finalidade de poder elaborar o mencionado informe, proporcionando os listados cos datos das facturas totais rexistradas, o seu importe e os prazos de pago; xa que ata este momento non era posible poder cumprimentar debidamente os informes requiridos polo Ministerio, xa que o cálculo había que facelo manualmente, non dispoñendo dos medios nin persoais nin materiais.

É todo canto se informe, **PROPOÑÉNDOSE:**

1) Que do presente informe e os seus anexos se dea traslado aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e, no seu respectivo ámbito territorial, ao Consello de Contas, aos efectos oportunos.

2) Que se dea traslado igualmente ao Pleno do Concello de Paradela, pois aínda que o artigo 4 da Lei di ao respecto do mesmo “sen perxuízo da súa posible presentación e debate no Pleno da Corporación local,”, o artigo 5.4, da mesma norma dispón:

“A Intervención ou órgano da Entidade Local que teña atribuída a función de contabilidade incorporará ao Informe trimestral ao Pleno regulado no artigo anterior, unha relación das facturas ou documentos xustificativos con respecto aos cales teñan transcorrido mais de tres meses dende a súa anotación no citado rexistro e non se teñan tramitado os correspondentes expedientes de recoñecemento da obriga ou se teña xustificado polo órgano xestor a ausencia de tramitación dos mesmos”.

Por isto deberá unirse ao presente informe ao que se deberá dar conta ao Pleno na próxima sesión que se celebre, xustificación pola Alcaldía das causas do incumprimento nos prazos de tramitación das facturas indicadas no anexo ao presente informe.

Paradela, 9 de maio de 2012 O Secretario-Interventor. Asdo.: José López González.

ANEXO I

INFORME DE PAGOS REALIZADOS:

| Nº pagos realizados dentro período legal de pago | Importe total de pagos realizados dentro do período legal de pago | Nº pagos realizados fóra período legal de pago | Importe total de pagos realizados fóra período legal de pago |
|--|---|--|--|
| 37 | 18.857,74 € | 24 | 21.585,72 € |

INFORME DE FACTURAS PENDIENTES DE PAGO AO FINAL DO TRIMESTRE:

| Nº de operacións pendentes dentro periodo legal de pago | Importe total de operacións pendentes dentro periodo legal de pago | Nº de operacións pendentes fóra do periodo legal de pago | Importe de operacións pendentes fóra do periodo legal de pago |
|---|--|--|---|
| 24 | 25.787,88 € | 6 | 135.485,88 € |

INTERESES DE DEMORA PAGADOS NO TRIMESTRE: **0,00 €**

FACTURAS OU DOCUMENTOS XUSTIFICATIVOS PENDENTES DE RECOÑECEMENTO DA OBRIGA : **NINGUNHA**

10º.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se presentaron formalmente preguntas por escrito, se ben dase a posibilidade de poder facelo neste intre.

Dª. Sonsoles López, voceira do Grupo Municipal Socialista pregunta se hai posibilidade de que se lle remitan as actas da Xunta de Goberno Local unha vez sexan redactadas sen esperar á convocatoria do Pleno e de se se lle poden enviar os arquivos das Mocións que se presentan ao Pleno.

Por parte do Sr. Alcalde e do Secretario da Corporación din que unha vez estean aprobadas as actas non hai problema en remitirlas. Respecto das Mocións o Secretario di que moitas veces non dispón deses arquivos xa que se presentan en formato papel.

Dª. Sonsoles López, voceira do Grupo Municipal Socialista pregunta se as Resolucións e os Decretos non deberían estar numerados.

Por parte do Secretasrio da Corporación respóstaselle que todos os funcionarios e traballadores de oficina do Concello redactan estes polo que por operatividade non se numeran, si que se fai cando se imprimen no papel oficial da Xunta os cales son encadernados e por suposto están á súa disposición.

Dª. Sonsoles López, voceira do Grupo Municipal Socialista realiza unha intervención felicitando ao Alcalde por como quedou o Campo de Ferreiros.

O sr. Alcalde di que o agradecemento debe ir dirixido ao Concelleiro Manuel Regueiro e sobre todo aos dous ceviños que cederon os terreos”.

E non habendo máis asuntos que tratar, o Presidente levantou a sesión sendo as catorce horas e quince minutos do trinta e un de maio de dous mil doce, exténdose a presente acta da que coma Secretario-Interventor dou fe.

Visto e prace

O Alcalde

O Secretario-Interventor